

Minia, paixón polo mundo rural

Entrevista a Minia, empresaria galega, que leva trinta anos traballando polo campo galego

08-11-2011

¿Como empezaches a traballar no campo?

Nacín nun pequeno municipio rural galego. Os meus pais emigraron a Alemaña e eu comecei a estudar e logo traballar moitos anos nunha EFA (Escola Familiar Agraria) . Alí empecei a coñecer e amar o mundo

rural, coas súas potencialidades e os seus problemas. Decidínme a ser un axente de desenvolvemento dese territorio rural, pois somos a propia xente do campo quen temos que contribuír ao seu progreso, pois somos o principal recurso. Estudei Xestión e Administración de Empresas e un Master de Desenvolvemento rural, e puiden realizar programas de desenvolvemento, formación e asesoramento técnico. Desde fai tres anos dedícome a unha quesería familiar e abrín unha tenda de produtos artesáns.

¿É difícil ser empresaria no campo?

Evidentemente, sempre hai dificultades, e agora quizá mais, pero é necesario estar disposto a afrontalas, buscando solucións. Por outra banda, o traballo de desenvolvemento rural é moi

gratificante e apaixoname. Cando gústache o teu traballo e pos ilusión profesional, con interese non só por gañar diñeiro senón polas persoas, é máis fácil ver as dificultades como retos que hai que superar, con iniciativa. Ademais, sempre será necesario: a alimentación depende do campo, e somos a despensa das urbes. Alguén dixo tamén que en tempos de crise a cidade mira ao campo, buscando as súas raíces, a paz, a serenidade da natureza ¡Nós estamos sempre aquí! De todos os xeitos, en calquera lugar -do campo ou a cidade- fai falla sentir o arraigamento, a identidade, a familia, relacións sociais cordiais, etc. As présas da cidade poden dificultar ás veces unhas relacións máis próximas, aínda que faciliten outros aspectos. Podemos axudarnos mutuamente. Hai anos aumentou o despoboamento e hoxe produciuse unha volta ao campo, para

emprender novas empresas ou como forma de vida sa.

¿Estás en contacto con outros empresarios?

Si. Formo parte da asociación de empresarios da comarca, e agora son a presidenta dunha asociación de empresarias rurais, que organizamos para promover o desenvolvemento das empresarias no mundo rural: formación, cooperación, intercambios e experiencias que nos axudan a resolver os problemas mellor. Novas tecnoloxías, técnicas de comunicación, experiencias innovadoras, son algunhas actividades organizadas. Tamén participamos en foros sobre o papel da muller no desenvolvemento rural, conciliación familia e traballo, etc.

¿Como é un día calquera no teu traballo?

Normalmente comezo o día facendo un intre de oración e indo á Santa Misa a algún pobo próximo; logo planifico o día, pois ser autónoma ten múltiples tarefas (proxectos, elaboración dos queixos, distribución, xestións comerciais, visitas, novas iniciativas, etc.).

Procuro tamén, como outras persoas que traballan no campo, coidar o medio ambiente, e utilizar os recursos de forma sustentable, para o ben das persoas actuais e futuras.

Hai que coidar o equilibrio da natureza. É famosa a frase: "Deus perdoo sempre, o home algunhas veces, a natureza nunca". Na tenda, ademais de vender os produtos, temos actividades complementarias para difundir o saber popular e a cultura gastronómica, con sesións de cata e degustación, consumo de novos produtos (algas, novos produtos ecolóxicos...). Dúas irmás traballan comigo e así resulta posible chegar a todo.

Vou tamén algúns días a medios de formación que se imparten en Centros do Opus Dei, que me axudan a atopar a Deus na vida ordinaria, e a traballar con alegría e responsabilidade: precisamente o 2 de outubro lin na web opusdei.org unha carta do Prelado actual, dando moitas ideas para contribuír á nova evangelización que o Papa pide.

Que consellos darías a outras persoas que traballan no campo?

Que temos grandes retos que esperan a nosa creatividade. Expóñome,: se eu, que amo este territorio, non contribúo a mantelo e mellorar as condicións de vida da nosa xente, quen o vai a facer? Nós axudamos ademais así á cidade e eles axúdannos a nós, con servizos que non temos aquí?.E na era da comunicación e internet, temos moitas posibilidades de estar conectados e resolver mellor algúns

problemas do pasado. O campo
necesítanos, e nós necesitamos o
campo.

pdf | document generated
automatically from [https://opusdei.org/
gl-es/article/minia-paixon-polo-mundo-
rural/](https://opusdei.org/gl-es/article/minia-paixon-polo-mundo-rural/) (23-02-2026)